FOLLAS NOVAS 1

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2016

Sete veces Rosa.
Historia da identidade gráfica da Casa de Rosalía

Pepe Barro

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

Sete veces Rosa

Historia da identidade gráfica da Casa de Rosalía

Pepe Barro

1

Xa está chantada no portal da Casa, «garrida cal fresca rosa», a nova identidade gráfica da Casa de Rosalía. Desde xullo de 2015 a *Rosa de Galicia* aparece xa como símbolo da institución nunha placa (fig. 1) na que tamén se recolle o horario de visitas e pouco e pouco vai ir aparecendo en soportes diversos, mesmo vai protagonizar unha nova liña de *merchandising*. A Fundación Rosalía de Castro renova a súa identidade visual, é a sétima vez que isto ocorre durante os seus sesenta e sete anos de actividade. Velaquí os porqués das sete "rosas".

«Cal rosa no rosal»

A rosa como tópico literario e como motivo gráfico volve ao protagonismo na identidade da Casa-Museo e volve, máis que nunca, como signo da propia Rosalía. É outro resultado pero o procedemento é o mesmo que xa fora utilizado para deseñar o símbolo máis lonxevo que tivo a institución; podemos dicir que o novo é un *agiornamento* de aquel.

Cando Xosé Mosquera (1895-1965), o galeguista promotor e iniciador da Casa de Rosalía, procura un símbolo de identidade gráfica para a institución, acode a un heraldista non a un deseñador, son os

primeiros anos cincuenta do século XX e Mosquera conecta cun sabio académico da galega, que responde por carta aconsellando seguir un dos procedementos máis antigos e máis empregados para deseñar os escudos. Este recurso son as *armas parlantes*, é dicir, que pronunciando o nome do que se representa no escudo debería dicirse ou deducirse –máis ou menos– o nome do representado (ondas do mar = Mariño / lagarto debaixo dunha lousa = Lousada / piñeiro = San Martiño Pinario...). Non houbo necesidade de pintar un escudo como campo das figuras, pero o heraldista aconsellou «unha rosa que xurde dun castro». Quero pensar que, antes de facer a proposta, o académico fíxose unha pregunta retórica: Que hai máis galego que un castro? De seguro pensou que a identificación da escritora co país viña xa cifrada no seu apelido. A partir deste ditame faise un debuxo (fig.2), case un xeroglifo, que foi usado polo Padroado Rosalía de Castro durante corenta anos, sen reparar na dificultade da representación naturalista do asunto. O debuxo non só resultou pouco heráldico senón que se resolveu con liñas de máis, todas miúdas de máis, que logo se estragaban, cacarañadas ao reproducirse nos tamaños necesariamente pequenos onde un símbolo de identidade gráfica ten o seu campo natural de xogo. «Como unha rosa que inverna» aquel proxecto murchouse sendo de escasa eficacia na comunicación visual contemporánea. Pero «cal rosa no rosal» a *Rosa de Galicia* xurde agora do mesmo xardín e restaura en parte aquela proposta, desta vez máis sintética, máis pregnante, máis rica en significado. Polo menos ese é o meu compromiso e o meu obxectivo como deseñador.



2

A escolla dun debuxo xeométrico, de trazo regular e uniforme, para deseñar o novo símbolo, non só obedece á necesi-

dade de sintetizar en poucas liñas unha rosa, tamén cómpre ligar o «G» coas circunferencias dun xeito coherente, e así a propia letra, convertida na espiral-núcleo, pasa a ser a que explica graficamente que aquel conxunto de formas curvas representa unha flor; mantén esa función sen perder a súa lectura como a letra inicial do nome do país (fig.3). Loxicamente, esta idea de deseño basea a súa fortaleza e a súa poética nesa ambigüidade, porque a eficacia da mensaxe está garantida polo amplo recoñecemento público da identificación da escritora coa súa patria.

«Por eso me chaman Rosa»

Alén do seu propio nome, tantas veces abreviado en *Rosa* no trato epistolar con *Manolo*, o seu marido, a rosa-muller e a rosa-flor están presentes na obra de Rosalía e non é tampouco necesario indagar moito para decatarnos de que a rosa é un tema recorrente na tradición literaria, culta e popular, e que o seu simbolismo dual foi sempre explotado.

Curioso que o propio Murguía publique un poema en galego no xornal *La Oliva*, «Nena das soledades», no que afirma «que os amores son rosas, / rosas e espiñas». Curioso porque a destinataria do poema non é Rosalía, a quen aínda non coñece cando asina a composición, en 1854, nin sequera cando a publica, en 1856. O poema foi dirixido a Elina Avendaño, irmá de Teodomiro e Serafín, o pintor, todos tres amigos de mocidade do autor. Mesmo anos despois, en 1860, Alejandro Chao, amigo de todos, dá conta dunha visita de Elina a Cuba nunha carta a Murguía: «Dicen que está más guapa que antes y parece que en el vapor fue el encanto de todos los marineros».

Lonxe destas curiosidades, Rosalía utiliza en varias ocasións o tópico literario. Flor e muller unidas aparecen no poema de *Cantares gallegos* que comeza «Nasín cando as plantas nasen». Nel a protagonista indica: «por eso me chaman Rosa / máis a do triste sorrir, / con espiñas para todos, / sin ningunha para ti». O tema amoroso aparece aquí como pretexto para comentar unha relación de parella desde o punto de vista feminino. No mesmo libro, Rosalía volta ao asunto, construíndo unha potente alegoría nacional; agora Galicia encarna nunha *Virgen-martir* que ela ve cruzar «cos pés cravados de espiñas, / coas mans cubertas de rosas», é na resposta a Vicente Ruíz de Aguilera en «A gaita gallega». Velaquí só dous exemplos da autora tantas veces nomeada cun dos seus versos, «A rosa de cen follas». A maior abondamento, a escritora case non precisa do apelido para ser nomeada e, mesmo no Google,

3



4

co seu nome abonda para dar con ela dun xeito preciso. «Casa de Rosalía» é así, sen máis, a denominación tradicional do seu sitio padronés e esta é tamén a denominación oficial proposta agora para a casa-museo.

Pero antes da rosa-flor houbo ou quixo haber unha rosa-muller como símbolo do Padroado Rosalía de Castro. Foi por pouco tempo. No cartafol rotulado como 1952 no arquivo da institución, Xosé Mosquera encarta un debuxo en forma de óvalo sobre unha cartolina duns dez por dez centímetros (fig. 4). Enmarcada entre as letras que recollen o nome do Padroado, unhas follas e quizais unha lira, aparece a efixie dunha muller coa cabeza deitada cara o lado. Trátase dun orixinal pintado con gouache vermello escuro, retocado e perfilado con branco; a execución do pretendido retrato, realizada sen medias tintas, indica que estaba destinado a ser gravado para membretes e selos de caucho. Descoñezo porqué non chegou a usarse ou se tivo un uso efémero, pero o caso é que o ano seguinte outro símbolo de identidade (fig. 5), con outro pretendido retrato da escritora, campa na portada, que non na capa, do libro *Inéditos de Rosalía* de Juan Naya, que en 1953 publica o Padroado. Tampouco debeu durar moito como emblema oficial, porque só o atopei reproducido unha vez máis, como cabeceira do papel de carta da delegación uruguaia do Padroado, constituída en 1955. Como o anterior, este retrato presenta escasos trazos individuais que identifiquen a Rosalía, agás o estigma da cabeza deitada -outra vez- que impuxo a fotografía de Sellier (http://rosaliadecastro.org/as-tres-rosalias-un-texto-de-pepe-barro/). Unha



5

lenda co nome da institución, rotulada na *letra galega* de Castelao, e sete rosas enmarcan o debuxo, son pistas que axudan a identificar a muller representada. A composición e o debuxo ten o seu aquel pero tenta contar varias cousas ao tempo e, ademais, as liñas son de escaso grosor, o conxunto carece de mancha e resulta pouco útil como distintivo. Tamén durou pouco, pero as rosas xa estaban aí.

«Quen casa ten de seu, ten media vida»

Con este verso nos beizos deben razoar os membros do Padroado cando deciden substituír a «rosa que xurde dun castro» por un novo símbolo, tomando a fachada da propia Casa como tema (fig. 6). Desgraciadamente esta nova proposta, que estivo en uso varios anos, tampouco foi correctamente formalizada para as necesidades gráficas dun símbolo de identidade.

O cambio ten a súa explicación. Durante vinte e seis anos o Padroado Rosalía de Castro non conseguiu abrir ao público a casa, cousa que si ocorre en 1971. Até ese momento, a institución ten a propiedade do inmoble, pero o único que real-

6

mente pode mostrar é o nome e a obra da escritora, «a rosa que xurde dun castro». Probablemente a esta situación responden as propostas gráficas primeiras, as rosas-muller e a rosa-flor, e pola contra á apertura da casa, un importante logro e principal obxectivo histórico da institución, reponde a adopción do debuxo da Casa como símbolo de si mesma e como símbolo da institución. Pero a decisión foi tomada nos anos noventa, cando o Padroado ten que cambiar por lei a súa forma xurídica e transformar os seus estatutos e a súa denominación, pasando a chamarse Fundación Rosalía de Castro. O recurso ten precedentes de abondo na historia e os edificios pasaron á heráldica, ás moedas e a outros soportes da comunicación visual. Pero a elaboración da imaxe require coñecer as técnicas de reprodución e as circunstancias nas que

se dá a comunicación. Ademais, a conversión dun edificio en emblema require unha transposición non naturalista, mesmo outra linguaxe que non a do debuxo de arquitectura. O plano do alzado dunha fachada non é nada se non vai acompañado da planta, das seccións, dos alzados das outras fachadas, o edificio explícase pola lectura conxunta de todos eles. Mesmo así o uso dun alzado arquitectónico foi o empregado para representar a casa e o resultado foi pouco elocuente, confuso, case non recoñecible e mesmo unha representación nada emblemática, carente do engado que debería transmitir a Casa de Rosalía. Tampouco houbo sorte. Pero hoxe, corenta e catro anos despois de inaugurada a casa, parece innecesario insistir na representación da casa como símbolo, repárese que aínda que o nome da institución é Fundación Rosalía de Castro, a «marca» popular, o «produto» que chega ao público é *Casa de Rosalía*, na súa denominación está xa explicitado o asunto «casa». Teño para min que un símbolo gráfico actual debe evitar a redundancia e dicir outras cousas, expandindo os significados da «marca», especialmente os da propia *moradora* da casa.

«Mollo na propia sangre a dura pluma»

Tras trinta e catro anos baixo a presidencia de Agustín Sixto Seco, desde 1970 até o seu pasamento en 2004, a Fundación Rosalía de Castro elixe en 2005 á escritora Helena Villar como presidenta e comeza un período de renovación, que a nova executiva da Fundación decide subliñar cun novo símbolo, o «R» inicial autógrafo, tomado da sinatura da escritora, exercerá de distintivo da institución (fig. 7).

Velaí unha metonimia –a parte polo todo– da escrita, da obra, da propia escritora. Pero as sinaturas son un tópico reiterado na representación dos escritores, queren actuar case como un para-retrato,

7

tentando expresar autenticidade e mesmo artisticidade. Aínda no mundo dos ordenadores, as plumas, mesmo as de ave, continúan a representar a creación literaria nun arcaísmo inxenuo, como é o caso máis rechamante, o pictograma empregado polo Twitter para indicar onde facer un “chío”.

O «R» durou pouco. A nova executiva de Helena Villar comprendeu axiña que unha tarefa prioritaria era a renovación da Casa-Museo, case intacta desde 1971, se pretendían renovar o interese do público visitante e mesmo incrementalo, favorecendo os ingresos tan necesarios ante a desaparición de subvencións de institución diversas. A partir de 2006 comezan as conversas co Grupo Revisión Deseño, nas que eu mesmo participo como deseñador. Tratábase de orzar un proxecto de renovación integral, que contemplaba desde a rehabilitación arquitectónica até a

museoloxía e museografía da Casa, e na miña opinión unha nova identidade corporativa era necesaria para a nova etapa. Paralelamente a elaborar os orzamentos de todo o necesario, decidiuse comezar polo máis doado economicamente, o deseño e produción da nova identidade. Así rematou o tópico da sinatura e comezou unha historia gráfica, que sendo "ben trovata" resultou totalmente falsa.

«Miña casiña, meu lar»

Velaquí a pechadura que podería pasar pola da casa (imaxe superior), na realidade unha ambigüidade poética que o público descubriría durante a visita á casa, onde quedaría claro que esta peza era a pechadura do escritorio de Rosalía, a pechadura da súa verdadeira casa, porque, razoaba eu, ela nunca tivo casa de seu e sempre viviu de alugueiro ou de prestado. Tratábase xa que logo de propoñer un símbolo gráfico que en si resultaba un pequeno relato poético, relato que sería desvendado coa nova museografía que axiña íamos acometer. O seu escritorio pasaría a ter, no discurso museolóxico que eu xa remoía, unha posición protagonista, mesmo salientado na museografía coa proxección de palabras e luces sobre o propio moble.

Uns anos antes leváramos aquel fermoso «bufetillo» a presidir unha das salas da exposición do centenario da Real Academia Galega (2006). Como deseñador daquela exposición, seleccionei a peza durante a pertinente visita á Casa-Museo de acordo co coordinador da mostra da Academia. A tradición oral foi a nosa fonte e durante aquela visita, asegurárannos que, ademais da cama, os únicos mobles que foran propiedade de Rosalía eran este escritorio e un fermoso moble costureiro.

A pechadura, ou máis propiamente o espello da pechadura do escritorio, incorporouse á identidade gráfica da Casa como símbolo, pero o agravamento da crise económica paralizou os proxectos de renovación e mesmo provocou a dimisión da presidenta da institución en 2012. O relato encerrado naquel símbolo gráfico resultou incomprensible para todos, só comunicou a primeira parte do relato: aquel espello pode que fose o da porta da casa, pero non aparecía por ningures, porque a casa-museo continuou no mesmo estado que xa tiña desde 1971 e o escritorio mantívose situado nun recanto.

Pero antes da dimisión da presidenta xa comezáramos a documentación para a realización do plan museolóxico e museográfico e, revisando o cartafol de fichas das pezas expostas, decátome que aquel escritorio, mesmo o fermoso costureiro, foran depositados no seu día polo Museo de Pontevedra e como a inmensa maioría da moblaxe e cadros expostos, nada tiveran a ver con Rosalía. Filgueira Valverde, director do devandito museo e autor

do proxecto museolóxico da Casa-Museo, tiña disposto as diferentes estancias como poido, amoblando o soño do que tal vez podería ter sido. Esta cuestión da procedencia dos mobles foi confirmada despois polo actual director do Museo de Pontevedra, Xosé Carlos Valle Pérez.

A «falsa» pechadura da casa resultou ser a pechadura do falso escritorio de Rosalía. Meu gozo nun pozo, que disparate!

A Rosa de Galicia

Coa elección do escritor Anxo Angueira como novo presidente en 2012, retómase a vontade de renovar a Casa-Museo, nun proxecto que xa leva incorporado o deseño dunha nova identidade visual. Angueira e a nova comisión executiva non só conseguen os fondos para acometer a rehabilitación da casa, someten á aprobación do Padroado o plan museolóxico-museográfico elaborado por Barro Deseño, abordan a celebración dos cento cincuenta anos de *Cantares gallegos* cunha exposición en Vigo, que iven a honra de comisariar e deseñar, e aínda acadan o orzamento para acometer a museografía da planta baixa da Casa, aberta ao público en maio de 2015. Agora, o obxectivo é acadar os fondos necesarios para levar adiante tamén a renovación museográfica do sobrado.

Nalgún momento de todo este proceso, o presidente Anxo Angueira puxo enriba da mesa a necesidade de dispor dunha insignia de ouro para distinguir ás persoas que contribúan coa Fundación e tamén a ensanchar a memoria da escritora coas súas achegas materiais, científicas ou creativas. Velaquí a orixe primeira do deseño da *Rosa de Galicia* que é desde xullo de 2015 o novo símbolo da Casa de Rosalía (fig. 9).

9

Que a sétima rosa floreza en Padrón
e recenda en toda Galicia

Publicamos este número da revista *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello de Rianxo

Rianxo
Concello

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO

CASA DE ROSALÍA

A Matanza
15917 Padrón
981 811 204

www.rosalia.gal